O nomeamento do Xuíz de Paz Substituto e o Substituto será efectuado pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, por un período de catro anos.

## SEGUNDO

Que se proceda á publicación da convocatoria pública no BOP da Coruña e, mediante editos, no taboleiro de anuncios do Concello, no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Padrón e no propio Xulgado de Paz.

O Alcalde manifesta que este ano procédese a tramitación dos expedientes de titular e substituto de forma conxunta e despois de expoñer a proposta abre a quenda de intervencións, os 4 grupos manifestan o seu apoio e a continuación procédese á votación.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a acta nos termos desta.

## 6.- DESAFECTACIÓN VIVENDAS DOS MESTRES DE RIANXO

En abril de 2014 ditouse a Providencia de Alcaldía na que se sinala que no inmovible denominado VIVENDAS DOS MESTRES xa non se desenvolve un servizo público de

ensinanza nin de vivenda de mestres

O 19/05/2014 a Secretaría do Concello emitiu informe.

O artigo 81 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, establece que a alteración da cualificación xurídica dos bens das entidades locais require expediente no que se acredite súa oportunidade e legalidade.

O artigo 8 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das Entidades Locais e o artigo 47.2 n) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establecen que o expediente deberá ser resolto, previa información pública durante un mes, pola Corporación Local respectiva, mediante Acordo adoptado co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros de aquela.

A desafectación de bens de dominio público de titularidade municipal afectados ao servizo público da ensinanza require autorización expresa da Administración educativa competente.

Cúmprense as razóns de oportunidade e legalidade, xa que se deixou de prestar no inmovible o servizo público para o que está afectado e o criterio de oportunidade ven dado pola necesidade que ten o concello de poñer a disposición da veciñanza locais nos que podan desenvolver actividades que redunden en beneficio do común dos veciños.

Por acordo plenario de 25 de febreiro de 2016 por maioría absoluta adoptouse o seguinte acordo :

Solicitar da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a autorización para desafectar as vivendas localizadas na Rúa dos Mestres, por non ser precisas xa para o fin de casa-habitación.

Con data 6 de xuño de 2016 e Rexistro de entrada nº 3227, recibese Resolución da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria Concedendo a autorización previa á desafectación solicitada polo Concello de Rianxo, do inmovible correspondente ao Bloque A das vivendas dos mestres, por entender que non son necesarias para o uso educativo ao que están destinadas.

INICIAR o período de información pública por prazo de un mes, mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Taboleiro de Editos da Casa Consistorial, para que os interesados presenten as reclamacións que estimen pertinentes.

Sometese o expediente a información pública durante un mes, dende a publicación no Bop da Coruña de data 10 de novembro de 2016, non interpoñéndose ningunha alegación según informe do rexistro de 19 de decembro de 2016.

Conforme ao disposto Artigo 269 da Lei 5/1997 de 22 de xullo reguladora da administración local de Galicia e no artigo 82 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, propoño ao Pleno a adopción deste acordo, previo ditame da Comisión informativa de deportes e patrimonio histórico, cultura, xuventude, educación e normalización polo exposto anteriormente en virtude das facultades que me confire o artigo 21 da Lei 7/85, de Bases de Réxime Local, esta Alcaldía propón á Corporación en pleno o seguinte **A C O R D O** :

**PRIMEIRO**

Aprobar definitivamente a alteración da cualificación xurídica do ben inmoble con referencia catastral 5225025NH1252S0001JU sita en rúa dos mestres, no que se prestaba un servizo público, para desafecta-lo do dominio público e cualificalo como ben patrimonial.

O Alcalde despois de expoñer a proposta manifesta que se trata do bloque A un total de 6 vivendas, que de aprobarse o expediente estas vivendas pasan a formar parte dos bens patrimoniais municipais de uso patrimonial recuperando os veciños de Rianxo o seu uso sexa, social, de vivenda ....

A continuación ábrese a quenda de intervencións:

- Portavoz de Rianxo en Común toma a palabra manifestando que a orientación do grupo de goberno é facer vivendas sociais, o noso grupo cree que non será moi bo concentrar nunha única zoa todas as vivendas sociais, pode non favorecerse moito a integración e propoñemos que se faga un estudo para que as vivendas sociais estean dispersas pola vila.
- Portavoz do PSOE expón que está dacordo con que se incorporen como bens patrimoniais
- Portavoz do PP: Apoiamos dén un uso social.
- Portavoz do BNG: está por decidir o uso e decidirse entre toda a corporación, pero sería boa opción dar un uso social, ou que fosen vivendas de tránsito.

O alcalde remata a quenda de intervencións expoñendo que as situacións de emerxencia social transcenden de calquer ámbito, non se trata de crear un gueto, o que se está pensando é en dar posibles solucións a xente que nun momento puntual poida necesitar esa axuda, non crear ningún lugar marxinal. Pero a este pleno so se incorpora o patrimonio non se están afectando con ningún uso.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

## **7.- ORDENANZA SOBRE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA PARA CONSTRUCCIÓN DE RAMPLAS DE ACCESIBILIDADE A EDIFICIOS PRIVADOS DE USO RESIDENCIAL EN VIVENDA COLECTIVA.**

Sendo preciso contar cunha Ordenanza municipal para que defina as condicións nas que se pode autorizar o uso da vía pública, espazos libre e zonas verdes, para construír ramplas para a mellora de accesibilidade en inmobles de propiedade particular e concretamente para edificios onde se localicen na súa totalidade, ou dispoñan nas súas plantas baixas locais vinculados coa actividade terciaria (comercial, oficinas, restauración e hospedaxe), así como as condicións para a súa execución.

Vista a proposta de ordenanza elaborada polos servizos de asistencia técnica municipal e o informe de secretaria de data 21 de decembro de 2016

Tendo en conta que conforme ó artigo 22.2. d) da Lei 7/1985, de bases de réxime local, a

aprobación de Ordenanzas é unha competencia indelegable do Pleno da Corporación, bastando maioría simple, propoño a este órgano a adopción do seguinte ACORDO:

#### PRIMEIRO

Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal reguladora para ORDENANZA SOBRE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA PARA CONSTRUCCIÓN DE RAMPLAS DE ACCESIBILIDADE A EDIFICIOS PRIVADOS DE USO RESIDENCIAL EN VIVENDA COLECTIVA, cuxo texto se achega con esta proposta.

#### SEGUNDO

Expoñer ao público dita disposición mediante anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia durante un prazo de trinta días hábiles para a presentación de reclamacións e alegacións polos interesados.

Terceiro: De haber alegacións resolveranse en nova sesión do pleno corporativo. No caso de non se producir reclamacións durante o prazo sinalado, entenderase aprobada definitivamente a ordenanza sen necesidade de novo acordo de conformidade co artigo 49 da Lei 7/85. Posteriormente publicarase o texto completo no BOP, entrando en vigor unha vez transcorrido o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2º da Lei 7/85.

#### ANEXO

ORDENANZA SOBRE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA PARA CONSTRUCCIÓN DE RAMPLAS DE ACCESIBILIDADE A EDIFICIOS PRIVADOS DE USO RESIDENCIAL EN VIVENDA COLECTIVA.

#### 1.- OBXECTO:

O obxecto desta ordenanza é o de definir as condicións nas que se pode autorizar o uso da vía pública para construír ramplas para a mellora de accesibilidade en inmobles de uso residencial de vivenda colectiva, así como as condicións para a súa execución.

#### 2.- CONDICIÓN PARA A AUTORIZACIÓN:

As condicións necesarias para que se poida autorizar a ocupación de vía pública con una rampla para persoas con mobilidade reducida, son as seguintes:

a.- Que no inmovible de referencia viva ou traballe de xeito permanente unha persoa con mobilidade reducida e que estea imposibilitada para subir escaleiras, polo que deberá de acreditarse o recoñecemento e a cualificación do grado de discapacidade física, segundo certificado de minusvalía outorgado pola Consellería de Traballo e Benestar Social.

b.- Que non exista a posibilidade de dotar ao edificio das medidas de accesibilidade adecuadas, sexa rampla ou elevador, no interior do edificio, ou que o custo desta solución alternativa sexa superior ao dobre da construción da rampla na vía pública

c.- Que a rampla teña una anchura non superior a 1,20 metros, podendo superarse como máximo ata un 10% mais, e sempre que o ancho libre sobre a beirarrúa permita un paso de 1,50 metros e salvo nos casos nos que existan elementos de sinalización e de urbanización puntuais (semáforos, sinais, farois...), onde se poderá estreitar puntualmente este paso ata un mínimo de 0,90 metros, e sempre que non se poidan modificar e/ou

alterar a súa posición ata sacalos da zona de paso mínima de 1,50 metros.

d.- Que non existan na vía pública servizos esenciais (arquetas, rexistros,...) que poidan quedar tapados pola implantación da rampla e no seu defecto, que se poidan modificar, ata sacalos ao espazo libre da beirarrúa.

e.- Que a rampla se execute de acordo coa normativa sectorial vixente.

### 3.- FORMA DE SOLICITAR A OCUPACIÓN:

Para solicitar a ocupación dunha rampla para persoas con mobilidade reducida na vía pública, remitirase ao Concello a seguinte documentación:

1.- Instancia asinada polo representante legal da comunidade de propietarios.

2.- Documento xustificativo da habitabilidade das persoas con mobilidade reducida en ese edificio, ou que sexa o seu centro habitual de traballo, o que tamén se xustificará convenientemente.

3.- Proxecto técnico da obra a realizar redactado por técnico competente, co visado colexial correspondente.

4.- Autorización (acta que recolla o acordo) dos propietarios que ostenten e superan as 3/5 partes da porcentaxe total da propiedade do edificio afectado, de acordo co establecido pola Lei de Propiedade Horizontal, para a realización das obras e tamén o compromiso de estes propietarios de aceptar as condicións íntegras de esta ordenanza.

5.- Achegar informe favorable das empresas concesionarias dos servizos urbanos afectados, no caso de que se teñan de alterar ou modificar o seu trazado e/ou situación de elementos puntuais (farois, arquetas, caixas de rexistro, etc..).

6.- Aportar garantía que cubra os posibles danos sobre o espazo público e que permanecerá ata que decaia a concesión, coa finalidade de que tamén cubra cos prexuízos derivados da retirada desta, no caso de que por cuestións de interese público así o requira.

### 4.- POSTERIOR TRÁMITE DE LICENZA DE OBRAS E CADUCIDADE DA OCUPACIÓN:

Unha vez obtida a autorización para a ocupación do viario, o representante legal da comunidade de propietarios deberá de presentar ante o Concello a preceptiva solicitude de licenza de obra, a efectos da súa tramitación estarase ao disposto na lexislación vixente aplicable aos procedementos administrativos, ás Normas Subsidiarias Municipais vixentes e ao previsto na presente ordenanza.

Se no prazo dun ano despois de terse obtida a autorización para a ocupación, non se tivera solicitado polo interesado a conseguinte licenza de obras, o Concello poderá declarar de oficio a caducidade desta autorización.

A ocupación da vía pública concédese por un prazo de 10 anos, prorrogable por períodos do mesmo tempo e previa petición do interesado, e sempre que se manteñan as condicións obxecto da concesión.

As autorizacións poderán ser revogadas unilateralmente polo Concello en calquera momento por razón de interese público, sen xerar dereito de indemnización, e cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, ou produzan

danos no dominio público, ou impidan a súa utilización para actividades de maior interese público, ou mesmo menoscaben o uso xeral.

Igualmente, cando se alteren os supostos determinantes do seu outorgamento ou sobreviviren circunstancias que de existir naquel momento, xustificarian a denegación. En ningún destes supostos, o interesado terá dereito a indemnización algunha por este concepto.

En todos os casos, o adxudicatario está obrigado a suprimir a instalación á súa costa, abandonando e deixando libres e baleiros, a disposición deste Concello e dentro do prazo que se lles fixe, os bens obxecto de utilización.

No suposto de que se incumpra o anterior realizará as obras necesarias este Concello sendo a cargo do solicitante os gastos orixinados.

#### 5.- OUTRAS CONDICIÓNIS:

A rampla considerárase que forma parte dos elementos comúns do edificio ao que serve, polo que as labores de conservación da rampla e o seu mantemento en estado de limpeza e decoro, así como calquera responsabilidade que puidese sobreír pola existencia da mesma, correrá a cargo da comunidade de propietarios do edificio.

#### DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2. LBRL, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

O concelleiro de Tobías Betanzos Rego despois de expoñer a proposta manifesta que estas dúas ordenanzas que se están a tramitar responden a reclamacións dos colectivos, e o servizo de asistencia técnica do Concello doulle forma. Existe problemas de accesibilidade en moitos edificios e o que se pretende e normativizar a autorización do uso de obras na vía pública de forma normativizada.

- Portavoz de Rianxo en Común expón que o seu grupo votará e favor de favorecer a accesibilidade tanto na vila como nas parroquias.
- Portavoz do Psoe e do PP manifestan a seu apoio.

Adolfo expón que trátase demanda de colectivos e sobre todo dos baixos comerciais non podían abrir actividades porque moitos baixos non eran accesibles. Rematado a quenda de intervencións procédese a votación da proposta.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

## **8.- ORDENANZA SOBRE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA PARA CONSTRUCCIÓN DE RAMPLAS DE ACCESIBILIDADE A EDIFICIOS DE USO PÚBLICO DE TITULARIDADE PÚBLICA OU PRIVADA**

Sendo preciso contar cunha Ordenanza municipal que defina as condicións nas que se pode autorizar o uso da vía pública, espazos libre e zonas verdes, para construír ramplas para a mellora de accesibilidade en inmobles onde se localicen na súa totalidade, ou dispoñan nas súas plantas baixas de locais de uso público, así como as condicións para a súa execución.

Vista a proposta de ordenanza elaborada polos servizos de asistencia técnica municipal e o informe de secretaria de data 21 de decembro de 2016

Tendo en conta que conforme ó artigo 22.2. d) da Lei 7/1985, de bases de réxime local, a aprobación de Ordenanzas é unha competencia indelegable do Pleno da Corporación, bastando maioría simple, propoño a este órgano previa ditame da comisión informativa a adopción do seguinte ACORDO:

### **PRIMEIRO**

Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal reguladora para **ORDENANZA SOBRE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA PARA CONSTRUCCIÓN DE RAMPLAS DE ACCESIBILIDADE A EDIFICIOS DE USO PÚBLICO DE TITULARIDADE PÚBLICA OU PRIVADA**, cuxo texto se achega con esta proposta.

### **SEGUNDO**

Expoñer ao público dita disposición mediante anuncio no taboleiro de editos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia durante un prazo de trinta días hábiles para a presentación de reclamacións e alegacións polos interesados.

Terceiro: De haber alegacións resolveranse en nova sesión do pleno corporativo. No caso de non se producir reclamacións durante o prazo sinalado, entenderase aprobada definitivamente a ordenanza sen necesidade de novo acordo de conformidade co artigo 49 da Lei 7/85. Posteriormente publicarase o texto completo no BOP, entrando en vigor unha vez transcorrido o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2º da Lei 7/85.

### **ANEXO**

**ORDENANZA SOBRE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA PARA CONSTRUCCIÓN DE RAMPLAS DE ACCESIBILIDADE A EDIFICIOS DE USO PÚBLICO DE TITULARIDADE PÚBLICA OU PRIVADA**

#### **1.- OBXECTO:**

O obxecto da esta ordenanza é o de definir as condicións nas que se pode autorizar o uso da vía pública, espazos libre e zonas verdes, para construír ramplas para a mellora de accesibilidade en inmobles onde se localicen na súa totalidade, ou dispoñan nas súas plantas baixas de locais de uso público, así como as condicións para a súa execución.

#### **2.- CONDICIÓN PARA A AUTORIZACIÓN:**

As condicións necesarias para que se poida autorizar a ocupación de vía pública cunha

rampla para persoas con mobilidade reducida, son as seguintes:

- a.- Que non exista a posibilidade de dotar ao edificio das medidas de accesibilidade adecuadas, sexa rampla ou elevador, no interior do edificio, ou que o custo desta solución alternativa sexa superior ao dobre da construción da rampla na vía pública
- b.- Que a rampla teña un largo non superior a 1,50 metros, podendo superarse como máximo ata un 10% mais, e sempre que a largura libre sobre a beirarrúa permita un paso de 1,50 metros e salvo nos casos nos que existan elementos de sinalización e de urbanización puntuais (semáforos, sinais, farois...), onde se poderá estreitar puntualmente este paso ata un mínimo de 0,90 metros, e sempre que non se poidan modificar e/ou alterar a súa posición ata sacalos da zona de paso mínima de 1,50 metros.
- c.- Que non existan na vía pública servizos esenciais (arquetas, rexistros,...) que poidan quedar tapados pola implantación da rampla e no seu defecto, que se poidan modificar, ata sacalos ao espazo libre da beirarrúa.
- d.- Que a rampla se execute de acordo coa normativa sectorial vixente.

### 3.- FORMA DE SOLICITAR A OCUPACIÓN:

Para solicitar a ocupación dunha rampla para persoas con mobilidade reducida na vía pública, remitirase ao Concello a seguinte documentación:

- 1.- Instancia asinada pola persoa ou persoas directamente afectadas.
- 2.- Proxecto técnico da obra a realizar redactado por técnico competente, co visado colexial correspondente.
- 3.- Compromiso expreso efectuado polo solicitante de aceptar as condicións íntegras desta ordenanza.
- 4.- Achegar informe favorable da/s empresa/s concesionarias dos servizos urbanos afectados, no caso de que se teñan que alterar ou modificar o seu trazado e/ou situación de elementos puntuais (farois, arquetas, caixas de rexistro, ...).
- 5.- Aportar garantía que cubra os posibles danos sobre o espazo público e que permanecerá ata que decaia a concesión, coa finalidade de que tamén cubra cos prexuízos derivados da retirada desta, no caso de que por cuestións de interese público así o requira.

### 4.- POSTERIOR TRÁMITE DE LICENZA DE OBRAS E CADUCIDADE DA OCUPACIÓN:

Unha vez obtida a autorización para a ocupación do viario, o representante legal da comunidade de propietarios deberá de presentar ante o Concello a preceptiva solicitude de licenza de obra, a efectos da súa tramitación estarase ao disposto na lexislación vixente aplicable aos procedementos administrativos, ás Normas Subsidiarias Municipais vixentes e ao previsto na presente ordenanza.

Se no prazo dun ano despois de terse obtida a autorización para a ocupación, non se tivera solicitado polo interesado a conseguinte licenza de obras, o Concello poderá declarar de oficio a caducidade desta autorización.

A ocupación da vía pública concedese por un prazo de 10 anos, prorrogable por períodos



do mesmo tempo e previa petición do interesado, e sempre que se manteñan as condicións obxecto da concesión.

As autorizacións poderán ser revogadas unilateralmente polo Concello de Rianxo en calquera momento por razón de interese público, sen xerar dereito de indemnización, e cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, ou produzan danos no dominio público, ou impidan a súa utilización para actividades de maior interese público, ou mesmo menoscaben o uso xeral.

Igualmente, cando se alteren os supostos determinantes do seu outorgamento ou sobreviviren circunstancias que de existir naquel momento, xustificarian a denegación. En ningún destes supostos, o interesado terá dereito a indemnización algunha por este concepto.

En todos os casos, o adxudicatario está obrigado a suprimir a instalación á súa costa, abandonando e deixando libres e baleiros, a disposición deste Concello e dentro do prazo que se lles fixe, os bens obxecto de utilización.

No suposto de que se incumpra o anterior realizará as obras necesarias este Concello sendo a cargo do solicitante os gastos orixinados.

#### 5.- OUTRAS CONDICIÓNS:

A rampla considerárase que forma parte dos elementos construtivos do acceso ao local que serve, polo que as labores de conservación da rampla e o seu mantemento en estado de limpeza e decoro, así como calquera responsabilidade que puidese sobrevivir pola existencia da mesma, correrá a cargo do solicitante.

O incumprimento do anterior será causa de caducidade da concesión autorizada.

#### DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2. LBRL, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Tobías expón a moción, os tres grupos Rianxo en Común, PSOE e PP manifestan o seu apoio e rematado a queda de intervencións procédese a votación da proposta.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

## FORA DA ORDE DO DÍA

## **9.- AUTORIZAR A COMPATIBILIDADE A TRABALLADORA SILVIA FIGUEIRO TORRES MESTRA XESTIÓN EMPRESARIAL DE “ARCOS MOLDES“ DESTE CONCELLO A ACTIVIDADE DE ATT O CLIENTE NA SOCIEDADE ESTATAL DE CORREOS E TELÉGRAFOS SA**

Despois de expoñer a urxencia de incluílo fora do orden do día dado que se presentou a solicitude unha vez convocado o pleno e dado que a demoralo a seguinte convocatoria a resolución podería causar danos a interesada sométese a votación a urxencia Votacións: O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a inclusión da proposta fora do orden do día.

Vista a solicitude con RE 28 de decembro 2016 Re 7582 formulada pola traballadora Silvia Figueiro Torres mestra xestión empresarial de “Arcos Moldes“ deste Concello, na que solicita compatibilidade para o exercicio da actividade de ATT o cliente na sociedade estatal de Correos e Telégrafos SA

Considerando que o exercicio dun segundo posto de traballo, cargo ou actividade no sector público require a previa declaración de compatibilidade polo Concello Pleno.

Considerando o disposto no art. 145 do RDLeg 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local -TRRL- remítese, no réxime de incompatibilidades dos funcionarios da Administración Local, ao establecido con carácter xeral na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao servizo das Administracións Públicas -LIPAP- e normas que se diten polo Estado para a súa aplicación. O art. 2.1.c) LIPAP inclúe no seu ámbito de aplicación a todo o persoal ao servizo das Corporacións Locais, precisando o art. 2.2 LIPAP que se entende incluído todo o persoal, calquera que sexa a natureza xurídica da relación de emprego; por tanto, refírese a calquera clase de persoal ao servizo do Concello, tanto funcionarios como laborais.

Considerando o art. 3.1 LIPAP no que se sinala que só poderán desempeñar un segundo posto ou actividade no sector público nos supostos previstos na mesma para as funcións docentes ou sanitarias, e nos casos a que se refire os artigos 5º e 6º engadindo a continuación que para o exercicio da segunda actividade será indispensable a previa e expresa autorización de compatibilidade, que non supoñerá modificación de xornada de traballo e horario dos dous postos e que se condiciona ao seu estrito cumprimento en ambos.

Considerando art. 4 LIPAP no que se sinala que se poderá autorizar a compatibilidade, cumpridas as restantes esixencias desta Lei, para un segundo posto de traballo non podendo modificar a xornada de traballo e horario do interesado, quedando automaticamente sin efecto en caso de cambio de posto de traballo no sector público (art. 14 LIF).

Visto o informe da secretaria de data 29 de decembro de 2016 e en uso das atribucións que me confire a lexislación vixente propoño o pleno:

**PRIMEIRO**

Autorizar a compatibilidade a traballadora Silvia Figueiro Torres mestra xestión empresarial de “Arcos Moldes“ deste Concello DNI 52934506-Y a actividade de ATT o cliente na

sociedade estatal de Correos e Telégrafos SA polos motivos anteriormente expostos e que se teñen aquí por reproducidos a todos os seus efectos.

#### SEGUNDO

En ningún caso a autorización suporá modificación de xornada de traballo e horario dos postos de traballo que resultan afectados, condicionándose a autorización de compatibilidade ao estrito cumprimento en ambos os postos

#### TERCEIRO

Os servizos prestados no segundo posto, cargo ou actividade non se computarán a efectos de trienios nin de dereitos pasivos. As pagas extraordinarias, así como as prestacións de carácter familiar, só se percibirán polo posto principal.

#### CUARTO

O desempeño do segundo posto de traballo non poderá menoscabar, en ningún caso, a asistencia ao lugar de traballo, nin supor atraso, negligencia ou descoido no desempeño dos mesmos. As correspondentes faltas serán cualificadas e sancionadas conforme á lexislación aplicable, quedando automaticamente revogada a autorización ou recoñecemento de compatibilidade se na resolución correspondente cualifícase de falta grave ou moi grave

#### QUINTO

Comunicar o acordo que se adopte ao Rexistro de Persoal e a Sociedade estatal de Correos e Telégrafos SA

O Alcalde expón a moción, os tres grupos Rianxo en Común, PSOE e PP manifestan o seu apoio e rematado a quenda de intervencións procédese a votación da proposta

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

O concelleiro Tobías Betanzos Rego ausentase as 8:40

## 9.- ROGOS E PREGUNTAS

O Alcalde toma a palabra manifestando en relación a pregunta do grupo municipal PP do anterior pleno a carretera de saída de Rianxo e a carretera de Rianxiño instouse o repintado de ambas estradas e algúns tramos estiveron arranxándose.

- Portavoz de Rianxo en Común:
- Nos decretos vimos devolución dunha subvención de emprendemento sustentable ¿Que subvencionaba e cales foron os motivos ?
- Nos decretos de horas extraordinarias, nos informes faise referencia a que non

consta autorización previa ¿ Por que non consta ?

- Troixemos recentemente ó pleno a adhesión o pacto dos alcaldes ¿O concello está adherido ?
- Hai un ano que non se convocou a comisión para o PXOM ¿ cando se vai celebrar?

Rogos :

- A mancomunidade Arousa-Norte aportamos sobre 50.000 €, pero segue sendo un ente non democrático, rogamos sexa un órgano transparente.
- Nas gratificacións de persoal, non consta xustificación das horas de asistencia a xuízos.
- A acera rematou en Asados, termiña moi recta e non quedou moi accesible, rogo estuden como quedou.

- Portavoz do PSOE :

- Incidimos na subvención de emprendemento ¿Por que se devolveu a metade?
- Solicitamos que se desbrozan e limpan as cunetas se deixen limpas de restos para que poida correr as augas pluviais.
- Solicitamos limpen as papeleiras do polígono
- Que se xestione onde tirar o lixo nas beirarrúas dos xardíns dos estaleiros do porto.
- Rogamos se limpen os regos de auga poida descender, por exemplo na plaza antes de Isorna .

- Portavoz PP:

- En Fonte -Sestelo ¿van arreglar a parada antes cheguen as choivas?
- Coa bolsa de emprego ¿empezouse a facer algún proxecto?
- En Asados xunto ó cruce non hai espello, rogamos se coloque.
- Na pista de Somoza -Cotón, bachearon e está peor que antes e o lado hai baches grandes.
- En Isorna foron limpar as cunetas e na pista vai da Igrexia ó campo de fútbol e a praza de Faustino Rei Romero, desbrozaron a pista e deixaron o que hai na cuneta, rogamos vaian recoller.

- O Alcalde toma a palabra :

Expón que mirará a subvención a que fan referencia que cree que era un prazo moi curto, para facela actuación. Así mesmo indicase que as veces as cantidades son tan cativas que os importes non permiten levar a cabo os programas.

Con respecto o PXOM manifesta que a volta das vacacións convocarase a comisión, e que se está a traballar nas alegacións que serán sobre a 3 semana do mes.

Con respecto as horas extraordinarias o procedemento que se segue é o que marca a lei, responden a unha petición previa dos responsables das áreas, hai un control previo. Tamén se non mostra a satisfacción dos empregados polo pago das horas e das xefaturas dos servizos antes so se retribuía o xefe da policía.

En relación coa mancomunidade Arousa-Norte: estamos ante un ente pouco democrático porque os estatutos creados no seu día establecen que para poder modificalos ten que haber absoluta unanimidade, e algún dos alcaldes négase a debater. En cada un dos concellos podemos debater nos nosos plenos e despois trasladar alí os acordos, e necesario modifiquen os estatutos da Mancomunidade para facer ese órgano mais transparente.

- En Asados non se executou un proxecto de aceras senón era o anchamento dun vial.
- Trasladaremos a portos a solicitude de que coloque papeleiras nas inmediacións dos estaleiros.
- Procederemos no polígono a poñer máis papeleiras.
- Procederese a limpar os regos dos pluviais así como a recoller a maleza do desbroce.
- A bolsa de emprego están os servizos de emprego valorando todas as peticións de museos e de administrativos hai 100 e pico solicitudes en cada proceso para sacar o listado de excluídos e admitidos, están chegando algunha aínda por correo a semana pasada e despois faranse os exames.

Ás 20:55 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Rianxo, martes 10 de xaneiro de 2017

A secretaria, Patricia Sánchez Castelo

O alcalde, Adolfo Muíños Sánchez